



XII CERTAME DE TEATRO INTERCENTROS DE COMPOSTELA E COMARCA

DIA	HORA	LUGAR	TITULO DA OBRA, GRUPO	CENTRO	DURACIÓN	PÚBLICO VOTANTE
18	10.45	Xelmírez I	<i>Antígona</i>	IES de Ames	45 min.	IES Xelmírez II
19	12	Rosalía	<i>Romeo e Xuleta para nenos e nenas</i> , Tantometén	IES Antón Fraguas	55 min.	IES Rosalía
20	11.10	Xelmírez I	<i>A comedia do Gurgullo</i> , Teatro do Porviso	CPI dos Dices (Rois)	70 min.	IES Pontepedriña
20	12	Rosalía	<i>Viaxe a ningures</i> , Rosalía 1	IES Rosalía de Castro	60 min.	IES Antón Fraguas
24	10.45	Xelmírez I	<i>Utopías</i> , Aula de Teatro do CPI de Touro	CPI Fonte-Díaz (Touro)	35 min.	IES Xelmírez I
24	12	Rosalía	<i>A sopa boba</i> , Rosalía 2	IES Rosalía de Castro	75 min.	CPI de Touro
25	10.45	Xelmírez I	<i>Non somos nin Romeo nin Xulieta</i> , Revira 6	IES Eduardo Pondal	50 min.	IES Xelmírez I
25	12	Rosalía	<i>Os vellos non deben namorarse</i> , CPI Val do Dubra		50 min.	IES Antón Fraguas
26	10.45	Xelmírez I	<i>Nefelocoquiúa</i>	IES Xelmírez I	45 min.	IES de Sar
27	12	Rosalía	<i>O caso do visión...</i> , Vecrisemarma	IES Antón Fraguas	35 min.	IES Rosalía

O Xurado estará integrado polo público asistente e polos directores/as das obras representadas.

A OBRA PREMIADA REPRESENTARASE NO TEATRO PRINCIPAL
O DÍA 8 DE MAIO DE 2007 AS 20 HORAS

COORDENADORA DE EQUIPAS DE
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE SANTIAGO

A inclusión de propostas diversas relacionadas coa actividade teatral no programa xeral de actividades do Departamento de Educación e Mocidade parte da súa consideración como un recurso importante no proceso educativo.

Nos últimos anos son diversas as propostas que teñen como obxectivo incorporar o feito teatral ao contorno sociocultural do escolar e da mocidade, deixando de ver o teatro como un fenómeno estrano, illado da súa experiencia cotiá e realizado en circunstancias excepcionais.

Nesta ocasión a iniciativa do Certame de Teatro Intercentros, que xa vai na súa décima segunda edición, é unha experiencia de dinamización cultural no eido do teatro que, nacendo nos propios centros de ensino, coa determinante implicación e coordinación das equipas de normalización lingüística, fai que sexa un esforzo que debe ser correspondido e apoiado polo concello de Santiago.

GRUPO: IES de Ames

OBRA: *Antígona*

DURACIÓN: 45 min.

SINOPSE: Baseándose nas obras de Sófocles e Anouilh presentamos unha Antígona que enfrenta, expoñendo a súa propia vida, a unha lei que ela considera inxusta.

GRUPO: Tantometén (IES Antón Fraguas)

OBRA: *Romeo e Xulieta para nenos e nenas*

DURACIÓN: 55 min.

SINOPSE: Versión libre baseada no texto de William Shakespeare, quen pasea pola escena escribindo, reescribindo e comentando o que se lle vai ocorrendo para esta historia aos seus propios personaxes.

GRUPO: Teatro do Porviseo (CPI dos Dices, de Rois)

OBRA: *A Comedia do Gurgullo*

DURACIÓN: 70 min.

SINOPSE: O Gurgullo anda buscando a vida e vai dando voltas achegándonos aos conflitos de Milhomes, Alcésimo, Euchión, Filócrates ou o propio Zeus. As historias van atopar a solución no pandora Club...

GRUPO: Rosalía I (IES Rosalía de Castro)

OBRA: *Víaxe a ningures*

DURACIÓN: 60 min.

SINOPSE: As historias sempre están dentro doutras historias. Os cómicos chegan a Camelot e atopan unha cidade enferma. Nas rúas non se respira máis que morte. A representación teatral vese condicionada pola desolación que viven os habitantes da vila.

GRUPO: Aula de Teatro do CPI de Touro

OBRA: *Utopías*

DURACIÓN: 35 min.

SINOPSE: Deixémonos guiar da man dun espectáculo interactivo onde a hilaridade, a ledicia e o imprevisto acompañarán ao espectador ao longo de tres heteroxéneas historias. Realicemos tres paradas no tren do humor, da ironía e da reflexión. Submerxámonos nos escuros submundos da sociedade, participando de intres colectivos de auténtico gozo, felicidade e pracer. Unha historia ateigada de elegante sensibilidade, doses exactas de fantasía e fina tenrura que insire ao espectador no universo das persoas que non teñen voz.

GRUPO: Rosalía II (IES Rosalía de Castro)

OBRA: *A sopa boba*

Duración: 75 min.

SINOPSE: Andrés é un tarambana. Vive á conta do seu cuñado ata que este, farto de aturar as súas impertinencias, acaba por botalo da casa. A sorpresa é que toda a familia marcha con el, deixando ó cuñado só. Van de festa en festa ata que non lles quedan cartos, aí teñen que agudizar o inxenio.

GRUPO: Revira 6 (IES Eduardo Pondal)

OBRA: *Non somos nin Romeo nin Xulieta*

DURACIÓN: 50 min.

SINOPSE: O director dun grupo de teatro, Amador, está empeñado en que representen o clásico drama Shakesperiano *Romeo e Xulieta*, pero a maioría dos actores non o teñen claro. Finalmente asistimos a unha serie de ensaios para adaptar ás súas particulares sensibilidades varias escenas da obra de Shakespeare.

GRUPO: CPI Val do Dubra

OBRA: *Os vellos non deben namorarse*

DURACIÓN: 50 min.

SINOPSE: ¿É o amor un sentimento permitido a todas as idades? O certo é que cando os vellos se namoran de mozas parecen caer na maldición. Á única esposa á que poden esperar é a morte, que os reúne na farsa dos seus namoros ridículos.

GRUPO: IES Xelmírez I

OBRA: *Nefelocoquigia*

DURACIÓN: 45 min.

SINOPSE: “Nefelocoquigia” quere dicir: morada das nubes. É, ademais, o nome dunha cidade moi especial fundada por dúas mulleres atenienses, que, cansas, na antiga Grecia, deciden fundar unha cidade no aire. Pronto comezan a chegar as primeiras persoaxes na procura da cidadanía, incluíndo a Deuses do Olimpo. Baseada na comedia *As Aves* de Aristófanes.

GRUPO: Vecrisemarma

(IES Antón Fraguas)

OBRA: *O caso do visón...*

DURACIÓN: 35 min.

SINOPSE: Lembrando a Eduardo Blanco Amor, dous avogados ben particulares reclaman no xulgado, e ante o señor xuíz, aquilo que todos e todas deberíamos reclamar, igualdade ante a lei para os seres que poboamos o noso planeta. Pero a lei, os lexisladores e os xuristas... xa se sabe...